



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

## **Oferta Pública de**

# **ENSINANZAS PARA PERSOAS ADULTAS EN GALICIA**

**CURSO  
2011/2012**



## Educación de persoas adultas

### Características

A oferta pública de educación de persoas adultas, gratuíta e de calidade, fai posible que as persoas adultas poidan adquirir, actualizar, completar ou ampliar os seus coñecementos e aptitudes para o desenvolvemento persoal e profesional.

A través das ensinanzas de adultos conséguese:

- Actualizar a formación básica e acceder aos diferentes niveis do sistema educativo.
- Mellorar a cualificación profesional ou adquirir unha preparación para o exercicio doutras profesións.
- Adquirir novos conceptos, técnicas e habilidades para unha mellor adaptación aos cambios do mundo actual.
- Desenvolver a capacidade de participación na vida social, cultural, política e económica.

A oferta é a seguinte:

- [Ensinanzas básicas iniciais \(niveis I e II\).](#)
- [Educación secundaria \(ESA\).](#)
  - ◆ [Probas libres para a obtención do título de graduado en educación secundaria.](#)
- [Bacharelato.](#)
- [Ciclos formativos.](#)
- [Programas de cualificación profesional inicial.](#)
- [Aulas MENTOR.](#)
- [Cursos de galego e castelán para inmigrantes.](#)
- [Aprendizaxe de linguas estranxeiras.](#)

### Destinatarios

Con carácter xeral, poderán cursar ensinanzas de educación de adultos todas as persoas maiores de 18 anos. Están dirixidas en particular a desempregados, e aos mozos e mozas que abandonaron o sistema educativo sen unha titulación básica e que desexan adquirila.

### Rede de centros

A relación de centros onde é posible cursar ensinanzas de adultos pode consultarse na seguinte ligazón: <http://www.edu.xunta.es/web/node/1102>



## Ensinanzas básicas de niveis I e II

As ensinanzas básicas iniciais de nivel I e II están dirixidas a persoas adultas que non dominan as técnicas instrumentais elementais.

### Matrícula

O período de matrícula está aberto durante todo o curso.

### Centros

Estas ensinanzas poderán seguirse en todos os centros específicos de educación de adultos e nos institutos de educación secundaria autorizados: IES Isidro Parga Pondal (Carballo), IES Fernando Blanco (Cee), IES de Melide, IES Campo de San Alberto (Noia), IES nº 1 de Ribeira, IES Arcebispo Xelmírez I (Santiago de Compostela), IES Dionisio Gamallo Fierros (Ribadeo), IES Lauro Olmo (O Barco), IES de Ribadavia, IES García Barbón (Verín), IES de Rodeira (Cangas), IES A Paralaia (Moaña), IES Ribeira do Louro (Porriño), IES Pintor Colmeiro (Silleda), IES Francisco Sánchez (Tui) e IES Armando Cotarelo Valledor (Vilagarcía de Arousa).

### *Nivel I: de alfabetización*

#### Destinatarios

Todas as persoas adultas que necesiten adquirir técnicas básicas de lectura, escritura e cálculo.

#### Organización

Grupos reducidos, cunha metodoloxía individualizada (como máximo 12 alumnos) e con materiais específicos, en horarios flexibles cunha dedicación semanal de 12 períodos lectivos.

### *Nivel II: consolidación de coñecementos e técnicas instrumentais*

#### Destinatarios

Persoas sen ningunha titulación que desexen acceder á educación secundaria para persoas adultas, seguir con garantía de éxito cursos de cualificación profesional ou potenciar a súa participación activa na vida social, cultural, política e económica.

#### Organización

Contidos relacionados coas necesidades e a realidade das persoas adultas, estruturados en tres ámbitos globalizados, en horarios flexibles: 16 períodos lectivos semanais.



## Educación Secundaria para persoas adultas

### Destinatarios

- Todas as persoas adultas maiores de 18 anos que desexen obter o título de graduado en educación secundaria.
- Excepcionalmente, poderán cursar estas ensinanzas persoas maiores de 16 anos que teñan un contrato de traballo ou estean en circunstancias excepcionais que lles impidan realizar estes estudos polo réxime ordinario.

### Organización

- Estas ensinanzas son equivalentes ás ensinanzas de educación secundaria obrigatoria polo réxime ordinario (ESO).
- Constan de catro módulos de duración cuadrimestral. Cada un organízase en tres campos de coñecemento: ámbito de comunicación, ámbito de sociedade e ámbito científico-tecnolóxico.
- Na modalidade semipresencial é obrigatoria a asistencia ás titorías de cada ámbito (unha hora semanal para o ámbito social, dúas sesións lectivas para o ámbito de comunicación e outras dúas para o ámbito científico-tecnolóxico).
- A modalidade a distancia con titorías telemáticas non supón a asistencia a titorías presenciais. A comunicación cos titores é a través da Aula Virtual do IES San Clemente: <http://www.iessanclemente.net>

### Matrícula

- Modalidade presencial:
  - 1 – 15 de setembro de 2011 para o primeiro cuadrimestre.
  - 10 – 16 de xaneiro de 2012 para o segundo cuadrimestre.
- Modalidade a distancia semipresencial e telemática:
  - Setembro de 2011 – xaneiro de 2012 para o primeiro cuadrimestre.
  - Febreiro de 2012 – 15 de maio de 2012 para o segundo cuadrimestre.

### Centros

- Pode consultar a rede de centros de modalidade presencial na seguinte ligazón: <http://www.edu.xunta.es/web/node/1102>
- A modalidade semipresencial pode cursarse nos seguintes centros: EPA Eduardo Pondal (A Coruña), EPA Santa María de Caranza (Ferrol), IES San Clemente (Santiago de Compostela), EPA Albeiros (Lugo), EPA de Ourense, IES de Celanova, EPA Río Lézec (Pontevedra), EPA do Berbés (Vigo).
- A modalidade a distancia telemática impártese no IES San Clemente (Santiago de Compostela).



## Duración

- As ensinanzas de Graduado en Educación Secundaria poderán realizarse, con carácter xeral, en dous cursos académicos.
- As persoas adultas poderán permanecer cursando estas ensinanzas o tempo que o seu ritmo de aprendizaxe precise para a adquisición dos coñecementos establecidos.

## Certificación

- Ao remate do módulo 4, expedirase o título de graduado en educación secundaria a todas aquelas persoas que acaden os obxectivos xerais establecidos.
- Cando non se rematen os estudos correspondentes á educación secundaria obrigatoria, os directores dos centros emitirán unha acreditación onde consten os niveis e módulos cursados así como a cualificación obtida.

### **O acceso a estas ensinanzas pode ser:**

- Por superación do nivel II das ensinanzas iniciais.
- Mediante proba de avaliación inicial.
- Por validación de estudos.

### **O título de graduado en educación secundaria dá acceso a:**

- Ciclos formativos de grao medio.
- Bacharelato.
- Mundo laboral.

## ***Probas libres para obtención do título de graduado en educación secundaria***

Aquelas persoas que non poidan asistir normalmente á clase teñen a posibilidade de obter o título de graduado en educación secundaria a través de probas libres.

Estas probas libres celébranse en xuño e setembro e convócanse publicamente a través do DOG. Para unha maior difusión, a súa celebración anúnciase nos medios de comunicación, sendo a súa matrícula nos centros onde se realice a proba.



## Bacharelato para persoas adultas

### Destinatarios

- Estas ensinanzas están dirixidas, como norma xeral, a todas as persoas adultas maiores de 18 anos que cumpran os requisitos académicos de acceso.
- Excepcionalmente, poderán cursar estas ensinanzas persoas maiores de 16 anos que teñan un contrato de traballo ou estean en circunstancias excepcionais que lles impidan realizar os estudos de bacharelato polo réxime ordinario.

### Organización

- Estas ensinanzas poden cursarse en dous anos escolares, por curso completo, ou por materias de forma independente. Se se opta por cursar materias de forma independente, non se deberán superar os 32 períodos lectivos semanais.
- Pola modalidade semipresencial, esixe a asistencia obrigatoria ás titorías de cada materia (unha hora semanal por cada materia que se curse).
- A modalidade a distancia con titorías telemáticas non supón a asistencia a titorías presenciais. A comunicación cos titores é a través da Aula Virtual do IES San Clemente e os exames poden realizarse nas sete principais cidades galegas: Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

### Matrícula

- Modalidade presencial: 1 – 13 de setembro de 2011.
- Modalidade a distancia semipresencial: : 1 – 13 de setembro de 2011.
- Modalidade a distancia telemática: 12 de setembro – 31 de outubro (a dirección do IES San Clemente poderá autorizar a matrícula ata o 30 de abril de 2012 por razóns xustificadas).

### Centros

- Pode consultar a rede de centros de modalidade presencial na seguinte ligazón: <http://www.edu.xunta.es/web/node/1102>
- A modalidade semipresencial pode cursarse nos seguintes centros: EPA Eduardo Pondal (A Coruña), IES de Cedeira, EPA Santa María de Caranza (Ferrol), IES As Telleiras (Narón), IES San Clemente (Santiago de Compostela), IES Monte Castelo (Burela), IES de Foz, EPA Albeiros (Lugo), IES Río Cabe (Monforte), IES Dionisio Gamallo Fierros (Ribadeo), IES Lois Peña Novo (Vilalba), IES Martaguisela (O Barco de Valdeorras), IES Manuel Chamoso Lamas (O Carballiño), EPA de Ourense, EPA Río Lérez (Pontevedra) e EPA do Berbés (Vigo)
- A modalidade a distancia telemática impártese no IES San Clemente (Santiago de Compostela).



## Duración

O tempo máximo de permanencia para cursar estas ensinanzas pola modalidade presencial é de seis anos académicos. Se unha persoa esgota ese tempo sen acadar o título, poderá seguir cursando as materias pendentes na modalidade a distancia.

## Certificación

- Aos alumnos e alumnas que logren a avaliación positiva de todas as materias dun itinerario formativo expediráselles o título de bacharel na modalidade que se complete.
- Cando non se rematen os estudos, os directores dos centros emitirán unha acreditación onde consten as materias cursadas e a cualificación obtida.

## Para o acceso a estas ensinanzas requírese cumprir algunha destas condicións:

- Posuír o título de graduado en educación secundaria.
- Ter superados os estudos do primeiro ciclo do programa experimental de reforma das ensinanzas medias (REM).
- Posuír o título de técnico auxiliar de formación profesional de primeiro grao.
- Ter aprobado o segundo curso do bacharelato unificado e polivalente (BUP) ou, como máximo, con dúas materias non superadas.
- Ter superados os cursos comúns dos estudos de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos.
- Ter o título de técnico correspondente á formación profesional de grao medio.

## O título de bacharel dá acceso a:

- Ciclos formativos de grao superior.
- Universidade.
- Mundo laboral.



## Ciclos formativos para persoas adultas

A formación profesional no sistema educativo comprende un conxunto de ciclos formativos, tanto de grao medio como de grao superior, cunha organización en módulos e con contidos teórico-prácticos que teñen como finalidade a adquisición das competencias necesarias para unha inserción laboral satisfactoria e o desempeño de diversas profesións.

Toda a información relativa a esta oferta polo réxime de persoas adultas, á rede de centros, aos períodos de matrícula, á documentación necesaria, ás saídas académicas e profesionais, etc. pode atopala na seguinte ligazón: <http://www.edu.xunta.es/fp/>

## Programas de cualificación profesional inicial

Os programas de cualificación profesional inicial (PCPI) teñen como finalidade favorecer a inserción social, educativa e laboral dos mozos e das mozas.

### Destinatarios

Persoas menores de 21 anos que, polo menos, cumpran 15 anos no ano natural no que inicien o programa e que non obtivesen o título de graduado en educación secundaria.

### Organización

Terán tres tipos de módulos:

- *Específicos*, que desenvolven as competencias do perfil profesional.
- *Formativos de carácter xeral*, que posibilitan o desenvolvemento das competencias básicas e favorecerán a transición desde o sistema educativo ao mundo laboral.
- *Voluntarios*, que conducen á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

### Ao rematar o programa de cualificación profesional inicial:

- O alumnado que supere os módulos específicos e os formativos de carácter xeral do primeiro curso obterá un certificado de profesionalidade de nivel 1 do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.
- O alumnado que supere os módulos formativos de carácter xeral do segundo curso terá o acceso aos ciclos formativos de grao medio.
- O que supere, ademais, os módulos voluntarios obterá tamén o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

### Para máis información:

Toda a información sobre a oferta de PCPI e a normativa vixente, pode consultala no seguinte enderezo web: <http://www.edu.xunta.es/fp/oferta-pcpi>





## Outras Ensinanzas

### *Aulas MENTOR*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en colaboración co Ministerio de Educación, oferta, a través das Aulas Mentor, unha ampla gama de cursos mediante o uso das últimas tecnoloxías informáticas e audiovisuais.

A oferta formativa permite actualizar o perfil profesional, potenciar o acceso ao emprego e aumentar a formación básica. Son ensinanzas non regradas para persoas adultas, abertas, flexibles e a distancia, con titoría telemática a través de internet.

### Destinatarios

- Persoas maiores de 18 anos. Non se require titulación previa.
- Calquera adulto que desexe formarse para acceder a un posto de traballo ou aumentar o seu nivel cultural.

### Organización

- As aulas onde se realizan as actividades de formación dispoñen de recursos tecnolóxicos avanzados, así como de un profesor-administrador que axuda aos alumnos nas súas conexións á rede, na comunicación co titor e en todo o que facilite o proceso de aprendizaxe.
- O horario de asistencia á aula acórdase co profesor-administrador dos centros EPA.
- O alumno recibe unha conta de conexión gratuíta a internet e non necesita asistir á aula, excepto para realizar a proba final presencial.
- Os cursos poden iniciarse calquera día do ano escolar e cada alumno segue o seu propio ritmo de aprendizaxe.
- O titor non está na aula, comunícase co alumno por correo electrónico e contesta en 24 horas a todas as dúbidas.

### Acreditación

Ao superar o curso, o alumno recibe unha certificación de aproveitamento emitida pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Ministerio de Educación.

### Oferta de cursos MENTOR

Para unha información completa e actualizada sobre os cursos ofertados, sobre as aulas existentes, etc. accédase á páxina web das Aulas Mentor: [www.mentor.mec.es](http://www.mentor.mec.es).

**Tamén hai información útil nesta ligazón:**

<http://www.edu.xunta.es/web/node/1855>



## *Aprendizaxe de linguas estranxeiras*

### "That's English"

Curso de inglés a distancia, homologado cos estudos das escolas oficiais de idiomas, que capacitará os alumnos que completen un ciclo de tres anos para obter o certificado do ciclo elemental da escola oficial de idiomas.

### Destinatarios

Persoas maiores de 16 anos ou que os cumpran ao longo do curso.

### Organización

O programa está dividido en 9 módulos de 8 semanas de duración cada un. Por cada módulo emítense 2 programas de presentación e información, 15 programas de desenvolvemento de contidos e 7 programas de apoio.

### Medios didácticos

Manual, cassetes, caderno de actividades e emisións de TVE na 2, de luns a venres (repetición dos programas os sábados e domingos).

### Condições de acceso

Estar en posesión do certificado de estudos primarios, certificado de escolaridade, graduado escolar ou equivalente, título de FP1 ou graduado en educación secundaria.

### Matrícula

Nas escolas oficiais de idiomas da capital de provincia e en Santiago de Compostela.

### Titulación

Permite obter unha titulación oficial (Certificado do Ciclo Elemental da Escola Oficial de Idiomas).

### Información

EOI A Coruña. Tlf.: 981279100.  
EOI Ferrol. Tlf.: 981324025.  
EOI Santiago. Tlf.: 981554710.  
EOI Lugo. Tlf.: 982284893.  
EOI Monforte. Tlf.: 982410300.  
EOI Viveiro. Tlf.: 982551745.

EOI Ribadeo. Tlf.: 982129657.  
EOI Ourense Tlf.: 988366073.  
EOI Pontevedra. Tlf.: 986833018.  
EOI Vigo. Tlf.: 986260261.  
EOI Vilagarcía. Tlf.: 986566440.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

## *Cursos de galego e castelán para inmigrantes*

### **Destinatarios**

Cidadáns doutros países, residentes na Comunidade Autónoma de Galicia, que necesiten coñecer as linguas oficiais.

### **Organización**

Estas ensinanzas impartiranse, nos centros de adultos, en grupos reducidos, cunha duración de 10 períodos lectivos semanais distribuídos en horarios adaptados ás posibilidades de asistencia dos alumnos.